
**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DA ESCOLA TÉCNICA
SUPERIOR DE ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS DA
UNIVERSIDADE DA CORUÑA, CELEBRADA O MARTES, DÍA 19 DE XUÑO
DE 2018**

De acordo co establecido na orde do día, a Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión extraordinaria ás 13:13 horas do martes día 19 de xuño de 2018, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación de actas
2. Informe do Director
3. Presuposto de 2017: Peche do exercicio
4. Presuposto de 2018
5. Calendario académico 2018/2019
6. Quenda aberta de intervencións

ASISTEN OS SEÑORES:

PROFESORES CON VINCULACIÓN PERMANENTE

Anta Álvarez	José
Baldomir García	Aitor
Barrientos Rodríguez	Víctor
Carro López	Diego
Colominas Ezponda	Ignasi
Díaz García	Jacobo Manuel
Domínguez Perez	Xabier Eduardo
Eiras López	Javier
Fé Marques	Jaime
Fontán Pérez	Arturo Norberto
Fuentes García	Luis
Galán Díaz	Juan José
González Fonteboa	Belén
Jurado Albarracín-Martinón	José Ángel
Martínez Lage	Isabel
Navarrina Martínez	Fermín Luis
Nogueira Garea	Xesús Antón
Novalés Ordax	Margarita
Orro Arcay	Alfonso
Paris López	José
Pena Mosquera	Luis
Peña Gonzalez	Enrique
Rdrez.-Vellando Fdez.-Carvajal	Pablo
Samper Calvete	Francisco Javier

Suárez López
Taboada Vázquez
Toledano Prados
Vasallo Rapela

Joaquín
Raquel
Mar
Alejandro Manuel

RESTANTES CATEGORÍAS PDI

Couceiro Aguiar
Ramírez Palacios
Rodríguez Pasandín

Iván
Luis
Ana María

ESTUDANTES

Alonso Rodríguez
Ares Rios
Benavides Cabezas
Soriano Sutil
Sotelo Domínguez
Traseira Piñeiro

Pablo
Daniel
Iván
Alejandro
Luis
Laura

PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Calvo Fariña
Cartamil Obelleiro
Lafuente Paulos
Rivas Quelle

Juan Bautista
Carmen
Marta
Cathaysa

EXCUSAN:

Pérez Pérez
Varela García
Martínez Díaz

Ignacio
Francisco Alberto
Margarita

Preside a sesión o Sr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como secretario o Sr. Diego Carro, Secretario da Escola.

1. Aprobación de actas

Houbo comentarios ás actas dos profesores Isabel Martínez e Enrique Peña e do estudante Luis Sotelo.

Aprobanse as actas cos cambios propostos.

2. Informe do Director

O Director informa dos seguintes asuntos:

- Personal: no sector de profesorado non hai novidades, no sector PAS, xubilouse a Sra. Marisol Gracia e pide que conste o agradecemento polo seu servizo.

Informa tamén de que xa tiveron lugar as altas e baixas dos concursos internos da UDC o que afectou a case todos os servizos da Escola.

- Acreditación EURACE: en maio veu a comisión de acreditación, do que se obtivo un informe oral positivo, e agora estase á espera do informe oficial. Esperase que se coñeza o resultado a mediados de xullo.
- Acreditación do MECCP: tivo lugar a visita da subcomisión da ACSUG para acreditar este título. Non se admitiu a recusación presentada, e finalmente a comisión veu o martes día 12 de xuño, data que se comunicou á Escola con unha semana de antelación. Desenvolveuse nun ambiente normal e no informe oral indicáronse algúns aspectos de organización do título, pero nada que indique que non se vaia a recibir un informe positivo.
- Titulación de máster en enxeñaría aeronáutica: o reitor informara de que a titulación se implantaría de acordo entre a UDC e a UVIGO. Houbo unha primeira reunión na reitoría. Máis tarde, houbo unha segunda reunión en abril en Ourense que o Director sinala como pouco útil. Explica que o director da Escola de Ourense lle expuxo que dado que había proceso electoral na reitoría en Vigo, habería que esperar ao novo equipo reitoral para avanzar no título. Apareceron outras cuestións importantes que saíron na reunión, destacando a aposta do director da Escola de Ourense por unha alianza coa universidade de León, e unha presencialidade por ECTS de 5-6 horas/ECTS.
- Houbo reunión de directores en Granada na que se trataron varios temas importantes, en primeiro lugar a análise sobre a empregabilidade da titulación de Enxeñaría de Camiños, que subiu moito nos últimos anos. Varias universidades están a ofertar o programa integrado, é dicir ofertárase de maneira conxunta o grao e o mestrado e aparece como unha opción única nas opcións de carreiras que os estudantes trala selectividade. Non se trata dunha integración completa, trátase dunha presentación conxunta das titulacións de grao e mestrado. A universidade que está a ofertar isto con maior énfase foi a UPM, e de cara a este ano moitas outras van a apostar por isto.

3. Presuposto de 2017: Peche do exercicio

O director expón o documento que se enviara previamente detallando as partidas.

Apróbase.

4. Presuposto de 2018

O director expón o documento que se enviara previamente detallando as partidas e sinala as incorporacións que se foron facendo mediante fondos que a UDC vai aportando para partidas específicas. Indica tamén que o presuposto deste ano foi levemente superior ao do ano 2017.

5. Calendario académico 2018/2019

O director cede a palabra ao xefe de estudos quen describe o calendario académico. Explica que recibiu comentarios respecto ao número de clases dependendo do día da semana, nalgún caso habería solo 11 días de clase. Por esta razón, propónse un cambio, movendo un festivo polo patrón da Escola.

Intervén a profesora Raquel Taboada indicando que considera que aínda así quedarían poucos días lectivos, sendo 12 días en total, o cal sigue por debaixo dos días lectivos de outros anos.

Intervén a Sra Cathaysa Rivas indicando que os festivos solo se poden mover ao día lectivo máis próximo.

Intervén o estudante Luis Sotelo indicando que o patrón sería o día 16 de maio.

Intervén a profesora Isabel Martínez indicando que sería positivo que a semana de axuste se incluíse no propio calendario académico.

Propóñese que se faga un cálculo dos días lectivos para cada día da semana e un axuste para equilíbralos.

Decídese que este posible axuste se prepare na Comisión Docente e que despois se envíe por correo electrónico e incluído nos horarios académicos. Apróbase cambiar o patrón para o día 16 de maio.

6. Quenda aberta de intervencións

Intervén o profesor Jaime Fe, incidindo que a calefacción das aulas de primeiro non está correctamente axustada, e que durante o inverno hai días en que as ventanas están abertas. Pide que se solucione de algún xeito.

Intervén o profesor Luis Pena, coincide en que hai disfuncións. O servizo de obras cambiou as válvulas do servizo centralizado da caldeira. Isto fíxose fai uns meses e aínda estamos en período de axuste. Despois íranse cambiando algúns axustes máis para evitar os desperdicios de calefacción.

Intervén a profesora Margarita Novales indicando que ao preparar exames nos dous idiomas, isto supón un problema dado que se fan dúas copias e se gasta unha enorme cantidade de papel. Propón que os estudantes que queiran o exame en outro idioma o

soliciten antes para así non malgastar papel. Intervén o profesor Arturo Fontán indicando que coincide na idea de que se podería facer así.

A sesión da Xunta de Escola finaliza ás 14:07 horas do martes día 19 de xuño de 2018.

Vº. Bº.
Ignasi Colominas Ezponda
Director

Diego Carro López
Secretario Académico